

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 02.03.2023

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.04 h do 02.03.2023, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Paineiras, Juana Barro Couto, Juan José Franco Casal (quen abandona a sesión ás 19:04 h no punto de rogos e preguntas), Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Ángeles Coira López, Antón Lois Noceda Carballo, María del Mar Piñeiro Otero (quen abandona a sesión ás 18:46 h no punto de rogos e preguntas), Ana Basoa Rioboo, Marta Pereiro Calvo e María Carmen Martínez Rodríguez (quen se ausenta ás 18:25 h, incorporándose novamente ás 18:26 h)

Secretaria: Lara Otero Díaz

Interventora: Eva María Casal Sanjurjo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende a núm. 060/2023 á 194/2023

Os/as concelleiros/as danse por informados/as.

### 2. Dación de conta do período medio de pago e morosidade correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2022

Os/as concelleiros/as danse por informados/as.

### 3. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de emisión de certificado de produción de silencio administrativo en relación co recurso de reposición interposto por [REDACTED] fronte o acordo do Pleno do día 6 de outubro de 2022 de desestimación da solicitude de declaración de ben de dominio público da franxa de terreo existente entre as parcelas de referencias catastrais 7442508Nj6174S e 7442512Nj6174S

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 21.02.2023, por 5 votos a favor (3 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, 1 do grupo municipal Socialista e 1 voto do grupo Mixto municipal), e 2 abstencións (2 do grupo municipal do Partido Popular, que transcrita di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 29.11.2022 (RXE 4868), [REDACTED] interpoñen recurso de reposición contra o acordo do Pleno 06.10.2022 no que se acordou desestimar a súa solicitude presentada o 03.05.2021 con RXE núm. 2186, así como as anteriores co mesmo contido, de declaración de ben de dominio público da franxa de terreo existente entre as parcelas de referencias catastrais 7442508Nj6174S e 7442512Nj6174S, situado na Avda. de Conces, Fene, alegando que o Concello declare por usucapión a condición de dominio público da franxa de terreo existente entre os edificios 7 e 9 da Avenida de Conces, ademais de solicitar a súa inscrición no Rexistro da Propiedade e inclusión no Inventario de Bens Municipais

Posteriormente, o 07.02.2023 (RXE 480) [REDACTED] solicitan certificado de silencio administrativo fronte a non resolución expresa do recurso de reposición interposto o 29.11.2022.

Consta no expediente informe da secretaria municipal Estefanía Manteiga Lamas núm. 31/2023 do 13.02.2023 que literalmente di:



"INFORME DE SECRETARÍA 31/2023

ASUNTO: Solicitud de expedición de certificado acreditativo de silencio administrativo

Expte.:2022/Q002/000066

SOLICITANTES: Emilio Boado Mosquera e María del Pilar Pazos García

ANTECEDENTES:

Primeiro.- O 1 de xuño de 2015 ten entrada no rexistro xeral deste Concello (RXE 5654) solicitude de información urbanística a petición de D. [REDACTED] das parcelas con referencias catastrais 7442510NJ6174S, 7442508NJ6174S e 7442512NJ6174S, ao que se lle da contestación o 6 de xullo achegando informe realizado polo enxeñeiro técnico municipal, D. Alberto Fernández Vázquez (RXE de saída 2350).

Segundo.- O 13 de xullo de 2016, Dna. [REDACTED] solicita ao Concello informe sobre a cualificación urbanística do solo comprendido entre as parcelas de referencias catastrais 7442508NJ6174S e 7442512NJ6174S (RXE 7200).

Da presente solicitude dáselle contestación o 3 de outubro do mesmo ano achegando informe realizado polo arquitecto técnico municipal, D. Alberto Fernández Vázquez (RXE de saída 3269).

En relación con esta solicitude, o 17 de outubro a secretaria do Concello, Dna. Estefanía Manteiga Lamas emite un certificado de data 23 de setembro indicando que o ámbito do solo lindeiro coas dúas parcelas enriba mencionadas non pertencen a ningún ben inmueble que conte con referencia catastral.

Terceiro.- O 17 de xullo de 2018, Dna. [REDACTED] solicita confirmación do carácter público dun ámbito de solo asfaltado entre as dúas parcelas enriba mencionadas (RXE 4645), achegando nova documentación de apoio a súa solicitude o 29 de agosto de 2019 (RXE 4876).

Cuarto.- O 29 de agosto de 2019, Dna. [REDACTED] presenta solicitude de recoñecemento como ben de dominio público da zona comprendida entre a Avenida de Conces, 7-9 (RXE 4879), escrito que reitera o 15 de xaneiro de 2020 (RXE 209 - Expediente 2020/U004/000004).

Neste mesmo expediente achégase informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal, D. Eduardo García Seisdedos, de data 19 de febreiro de 2020 no que indica que "consultado o proxecto orixinal existente no arquivo municipal mediante a cal se solicitou licencia para a obra do edificio existente na avenida de Conces numero 11, redactado polo arquitecto Francisco Casteleiro Licetti do ano 1972, observase no prano nº2 denominado "solar" que na lenda superior faise referencia a unhas superficies, diferenciando a superficie do solar (1240 m<sup>2</sup>), e a unhas superficies cedidas para rúa (289 m<sup>2</sup>) e para estrada N VI (252 m<sup>2</sup>) e unha superficie edificable de 649 m<sup>2</sup>."

Quinto.- O 3 de maio de 2021 os interesados presentan solicitude de declaración de ben de dominio público da franxa de terreo existente entre os edificios 7 e 9 da Avenida de Conces destinada a viario e aparcamento de vehículos (RXE 2186). En base a este escrito, o Concello procede a realizar actuacións previas de consulta do PXOM dos anos 1975, 1981 e solicitude de certificación rexistral ao Rexistro da Propiedade.

Sexto.- O 31 de marzo de 2022 ten entrada no Rexistro xeral do Concello, un novo escrito de Dna. [REDACTED] (RXE 1266) aportando nova documentación para que se teña en conta á hora de estudo deste expediente e para que se proceda á declaración da dita franxa de terreo ben de dominio público.

Sétimo.- O 1 de xuño de 2022, este Concello solicita información á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) sobre se a zona reclamada como pública polos interesados consta como de dominio público autonómico (SIR nº 20229000000050). En contestación sobre este asunto, a AXI, en data 17 de xuño indica que (i) non lles consta como dominio público autonómico os terreos existentes entre as parcelas catastrais 7442508NJ6174S e 7442512NJ6174S e que (ii) as obras de reforzo do firme soamente afectan ás que se realicen na propia estrada da AC-115.

Oitavo.- O Pleno en sesión ordinaria que ten lugar o 6 de outubro de 2022 acorda:

"PRIMEIRO.-Desestimar a solicitude presentada o 03.05.2021 con RXE núm. 2186 por [REDACTED] [REDACTED], así como as anteriores co mesmo contido (solicitude a nome de [REDACTED] [REDACTED], RXE núm. 4645 do 17.07.2018 e solicitude a nome de [REDACTED] [REDACTED], RXE núm. 4879 do 29.08.2019) de declaración de ben de dominio público da franxa de terreo existente entre as parcelas de referencias catastrais 7442508NJ6174S e 7442512NJ6174S, situado na Avda. de Conces,

Fene, por terse constatado o carácter privado do dito terreo nos antecedentes documentais practicados e non ser competente o Concello de Fene para a declaración de prescripción adquisitiva conforme ao dereito común en base ás competencias atribuídas ás Entidades Locais nos artigos 21 e ss LBRL, 44 RBEL e 22 LO 6/19

SEGUNDO.-Notificar este acordo ás persoas interesadas indicándolle que pon fin á vía administrativa e que fronte a el poderá optar por:

Interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 02.10.2015), significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de 6 meses, a contar dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderá impugnar directamente o acto que se lle notifica ante a Orde xurisdiccional contencioso-administrativo segundo establece o artigo 123.1 da citada Lei 39/2015. A tal efecto poderá vostede interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da presente notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Na súa relación con esta administración pública deberá ter en conta o previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas respecto da obrigatoriedade para determinados suxeitos de relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo."

Noveno.- O 3 de novembro de 2022 notificábase aos interesados a desestimación das anteditas solicitudes e a posibilidade de que os interesados interpoñan recurso potestativo de reposición ou, en defecto deste, recurso contencioso-administrativo contra o acordo do Pleno.

Décimo.- O día 29 de novembro de 2022, [REDACTED] interpoñen recurso de reposición contra o acordo do Pleno do 6 de outubro de 2022 alegando que o Concello declare por usucapión a condición de dominio público da franxa de terreo existente entre os edificios 7 e 9 da Avenida de Conces, ademais de solicitar a súa inscrición no Rexistro da Propiedade e inclusión no Inventario de Bens Municipais.

Décimo primeiro.- En virtude dos artigos 124.2 e 24.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os interesados solicitan o 7 de febreiro de 2023 por Rexistro electrónico (RXE 480) a expedición de Certificado acreditativo de silencio administrativo por pasar máis dun mes dende que rematou o prazo para ditar resolución expresa do recurso interposto.

Á vista do que antecede, INFORMO:

Primeiro.- O artigo 24.4 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece o seguinte:

"Os actos administrativos producidos por silencio administrativo poderanse facer valer tanto ante a Administración como ante calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada. Estes actos producen efectos desde o vencemento do prazo máximo en que se debe ditar e notificar a resolución expresa sen que esta se expidise, e a súa existencia pode ser acreditada por calquera medio de proba admitido en dereito, incluído o certificado acreditativo do silencio producido. Este certificado será expedido de oficio polo órgano competente para resolver, no prazo de quince días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento. Sen prexuízo do anterior, o interesado poderá pedilo en calquera momento e o prazo indicado anteriormente computarase desde o día seguinte a aquel en que a petición tiver entrada no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para resolver."

Segundo.- Para que se produza o silencio administrativo deben darse os presupostos establecidos no artigo 24.1 da Lei 39/2015:

“Nos procedementos iniciados por solicitude do interesado, sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no número 3 deste artigo, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado resolución expresa lexítima o interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo, excepto nos supostos en que unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario. Cando o procedemento teña por obxecto o acceso a actividades ou o seu exercicio, a lei que dispoña o carácter desestimatorio do silencio deberá fundarse na concorrencia de razóns imperiosas de interese xeral.

O silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición a que se refire o artigo 29 da Constitución, aqueles cuxa estimación tería como consecuencia que se transferisen ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, impliquen o exercicio de actividades que poidan danar o ambiente e nos procedementos de responsabilidade patrimonial das administracións públicas.

O sentido do silencio tamén será desestimatorio nos procedementos de impugnación de actos e disposicións e nos de revisión de oficio iniciados por solicitude dos interesados [...].”

O sentido do silencio administrativo, polo tanto, neste caso é desestimatorio, xa que se trata dun procedemento de impugnación dun acto.

Terceiro.- O órgano competente para estimar ou desestimar a emisión do certificado solicitado é aquel ao que lle corresponda resolver o procedemento ao que se refire, segundo dispón o artigo 24 da Lei 39/2015.

Os solicitantes versan a súa solicitude de certificado na estimación ou desestimación do recurso de reposición interposto fronte o acordo do Pleno na súa sesión ordinaria do 6 de outubro de 2022 polo que a resolución da mesma será competencia do Pleno de conformidade cos artigos 22.2 q) e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguadora das Bases do Réxime Local, por maioría simple e 34 RBEL y 24.4 LPACAP.

CONCLUSIÓN: Infórmase favorablemente a emisión de certificado acreditativo do silencio administrativo desestimatorio producido en relación coa non resolución expresa do recurso de reposición interposto por [REDACTED] fronte o acordo do Pleno de día 6 de outubro de 2022 que tivo entrada no Concello de Fene o 29.11.2022.”

Tendo en conta o anterior, esta Alcaldía propón que o Pleno do Concello de Fene adopte, previo ditame da comisión informativa correspondente, o seguinte acordo:

Primeiro.-Certificar a produción de silencio administrativo desestimatorio en relación coa non resolución expresa do recurso de reposición interposto o 29.11.2022 por [REDACTED] fronte o acordo do Pleno de día 6 de outubro de 2022 de desestimación da solicitude de declaración de ben de dominio público da franxa de terreo existente entre as parcelas de referencias catastrais 7442508NJ6174S e 7442512NJ6174S.

Segundo.- Notificar a presente resolución aos interesados comunicándolles que contra a mesma poderán interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 02.10.2015), significándolles que se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de 6 meses, a contar dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán impugnar directamente o acto que se lles notifica ante a Orde xurisdiccional contencioso-administrativo segundo establece o artigo 123.1 da citada Lei 39/2015. A tal efecto poderá vostede interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da presente notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Na súa relación con esta administración pública deberá ter en conta o previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas respecto da obrigatoriedade para determinados suxeitos de relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

En Fene, asinado dixitalmente polo alcalde Juventino José Trigo Rey na data que figura no panel de sinatura."

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos (6 do grupo municipal do BNG, 4 de grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 6 abstencións (6 do grupo municipal do Partido Popular)**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Primeiro.-Certificar a produción de silencio administrativo desestimatorio en relación coa non resolución expresa do recurso de reposición interposto o 29.11.2022 por [REDACTED] fronte o acordo do Pleno de día 6 de outubro de 2022 de desestimación da solicitude de declaración de ben de dominio público da franxa de terreo existente entre as parcelas de referencias catastrais 7442508NJ6174S e 7442512NJ6174S.**

**Segundo.- Notificar a presente resolución aos interesados comunicándolles que contra a mesma poderán interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 02.10.2015), significándolles que se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.**

**Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de 6 meses, a contar dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.**

**Non obstante, poderán impugnar directamente o acto que se lles notifica ante a Orde xurisdiccional contencioso-administrativo segundo establece o artigo 123.1 da citada Lei 39/2015. A tal efecto poderá vostede interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da presente notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.**

**Na súa relación con esta administración pública deberá ter en conta o previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas respecto da obrigatoriedade para determinados suxeitos de relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.**

#### **4. Aprobación, se procede, do manifesto institucional 8 de marzo de 2023**

Consta no expediente a seguinte declaración institucional que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 21.02.2023, por unanimidade dos votos (3 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal do PSOE e 1 voto do grupo mixto municipal), que transcrita di:

## “DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 8 MARZO. DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O 8 de marzo, o Día Internacional da Muller Traballadora, tamén chamado Día Internacional da Muller, reivindica e visibiliza a loita das mulleres pola súa participación e recoñecemento, en igualdade de condicións cos homes, na sociedade e no seu pleno desenvolvemento como persoas.

O ano 2023 enmárcase nun contexto de crise, tensión xeopolítica e crise ecosocial que non deixa de avisarnos de que cada vez temos menos tempo. Os últimos anos foron tortuosos e atravesados pola crise, a pandemia do COVID-19 e a invasión de Ucraína, todo isto afectando principalmente ás capas populares, as máis vulnerables, as máis precarias, agravando a situación de desigualdade de xénero. que apoia o neoliberalismo e o patriarcado.

A desigualdade que denuncia o feminismo é estrutural e global, instaurada e sustentada por un sistema capitalista e patriarcal, cuxo obxectivo é conseguir beneficios para uns poucos a costa das persoas máis vulnerables e oprimidas, que acaban sendo mulleres en toda a súa diversidade (inmigrantes, racializad@s, trans, con diversidade funcional, moz@s e maiores).

O auxe da extrema dereita, do neoliberalismo no seu desenvolvemento máis depredador que require de prácticas e expresións fascistas para seguir desenvolvéndose, sen esquecermos que para o capitalismo e o patriarcado hai corpos e vidas que valen menos, normalízase a violencia contra as mulleres, as persoas racializadas e migrantes. Un sistema que para seguir manténdose necesita que as mulleres coiden de maneira gratuítas e sigan criando para achegar man de obra.

A sustentabilidade da vida é responsabilidade da sociedade no seu conxunto, con todo, a organización social dos coidados segue sendo capitalista e patriarcal, a resolución dos coidados recae sobre os fogares e de maneira principal sobre as mulleres, de maneira gratuítas e “por amor”, polo que o resultado é unha repartición do traballo de coidados baseado na desigualdade de xénero, etnia e clase social.

O Plan “Corresponsables” posto en marcha polo goberno de coalición, é unha nova política pública destinada a iniciar un camiño que consolide o coidado como un dereito, favorecendo que o Estado sexa corresponsable dos coidados de forma decidida apoiando o dereito á conciliación e á corresponsabilidade. Os concellos, organización máis próxima ás persoas tamén deberían despregar políticas activas de coidados.

Desde o movemento feminista reclámase o dereito para ser consultadas, que haxa transparencia na acción do goberno municipal e control das mesmas. iso supón facilitar unha intervención o máis activa posible das mulleres, organizadas ou non nas políticas feministas que poñan en marcha os seus concellos. As políticas en favor da igualdade producen efectos positivos en termos de benestar social, contribúen a xerar un sistema económico máis favorable para a aprendizaxe, a innovación e a protección ambiental.

Por todo isto, a Corporación Municipal do Pleno do Concello, adopta os seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO:** Apoiar as accións que se desenvolvan na reivindicación do 8 de marzo, así como enarborar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.

**SEGUNDO:** Comprometer polo menos o 5% dos orzamentos municipais a políticas para alcanzar a igualdade efectiva entre mulleres e homes e facer unha análise con perspectiva de xénero do orzamento que permita identificar desigualdades.

**TERCEIRO:** Fomentar que nos plans estratéxicos municipais inclúan a sensibilización en todas as violencias cometidas contra as mulleres e o fomento da corresponsabilidade.

**CUARTO:** Promover propostas tendentes a que as leis integren o abolicionismo da prostitución e os ventres de alugueiro, como exemplos claros da brutal violencia machista, e asumir as responsabilidades que desde o ámbito competencial municipal derívense delas.

**QUINTO:** Avaliación dos servizos públicos dirixidos ao coidado e ás necesidades de coidado da poboación para poder mellorar os servizos de coidado e axustalos ás necesidades impulsando a creación dunha bolsa de coidados en domicilios ou en lugares públicos convenientemente sinalados, con garantías de seguridade laboral para as persoas que entren a formar parte do mesmo.

Fene, 20 de febreiro de 2023.-”

A Concelleira delegada de Servizos Sociais, María Carmen Martínez Rodríguez, dá lectura á Declaración coas seguintes emendas consensuadas por todos os grupos políticos:

## “DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 8 MARZO

## DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

**O 8 de marzo** é, desde hai máis de cen anos, unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Máis aínda, nos últimos anos, a forza do feminismo conseguiu desenvolver mobilizacións absolutamente históricas nas que o noso país amosou o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta.

Avanzamos grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións e grupos de mulleres que contribuíron a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon co seu esforzo e mesmo coas súas vidas a conquista de novos dereitos. Mais sabemos tamén que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer.

Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes.

Neste senso, malia os dereitos conquistados nas últimas décadas –grazas á loita feminista– é preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.

O ano 2023 enmárcase nun contexto de crise, tensión xeopolítica e crise ecosocial que non deixa de avisarnos de que cada vez temos menos tempo. Os últimos anos foron tortuosos e atravesados pola crise, a pandemia do COVID-19 e a invasión de Ucraína, todo isto afectando principalmente ás capas populares, as máis vulnerables, as máis precarias, agravando a situación de desigualdade de xénero. que apoia o neoliberalismo e o patriarcado.

A desigualdade que denuncia o feminismo é estrutural e global, instaurada e sustentada por un sistema patriarcal, cuxo obxectivo é conseguir beneficios para uns poucos a costa das persoas máis vulnerables e oprimidas, que acaban sendo mulleres en toda a súa diversidade.

O auxe da extrema dereita, do neoliberalismo no seu desenvolvemento máis depredador, sen esquecermos que para o capitalismo e o patriarcado hai corpos e vidas que valen menos, normalízase a violencia contra as mulleres, as persoas racializadas e migrantes. Un sistema que para seguir manténdose necesita que as mulleres coiden de maneira gratuíta e sigan criando para achegar man de obra.

A sustentabilidade da vida é responsabilidade da sociedade no seu conxunto, con todo, a organización social dos coidados segue sendo capitalista e patriarcal, a resolución dos coidados recae sobre os fogares e de maneira principal sobre as mulleres, de maneira gratuíta e “por amor”, polo que o resultado é unha repartición do traballo de coidados baseado na desigualdade de xénero, etnia e clase social.

O Plan “Corresponsables” posto en marcha polo goberno de coalición, é unha nova política pública destinada a iniciar un camiño que consolide o coidado como un dereito, favorecendo que o Estado sexa corresponsable dos coidados de forma decidida apoiando o dereito á conciliación e á

G-0  
060  
150  
P-  
F-  
C1

corresponsabilidade. Os concellos, organización máis próxima ás persoas tamén deberían despregar políticas activas de coidados.

Desde o movemento feminista reclámase o dereito para ser consultadas, que haxa transparencia na acción do goberno municipal e control das mesmas. iso supón facilitar unha intervención o máis activa posible das mulleres, organizadas ou non nas políticas feministas que poñan en marcha os seus concellos. As políticas en favor da igualdade producen efectos positivos en termos de benestar social, contribúen a xerar un sistema económico máis favorable para a aprendizaxe, a innovación e a protección ambiental.

Este ano 2023, a Organización das Nacións Unidas, con motivo do Día Internacional da Muller, recoñece e homenaxea ás mulleres e nenas, así como ás organizacións feministas que loitan polo avance da tecnoloxía transformadora e o acceso a unha educación dixital.

Este ano pretende ser unha conmemoración que sirva tamén para explorar e avanzar nos efectos da fenda dixital de xénero no crecemento das desigualdades sociais. Tamén porá de manifesto a importancia de protexer nos espazos dixitais os dereitos das mulleres e das nenas, e a abordaxe da violencia de xénero en liña e nas novas tecnoloxías da comunicación.

O Concello de Fene quere sumarse a esta iniciativa, para poñer de manifesto a importancia de acadar a igualdade real e efectiva nun ámbito vital para o desenvolvemento da nosa sociedade e do noso Concello.

Logo de que o 13 de xullo de 2021 se aprobara por unanimidade no Parlamento Galego a *Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación*, o obxectivo é eliminar a penalización sufrida polas mulleres na valoración do seu rendemento investigador por mor dos permisos por embarazo, maternidade ou lactación e da fenda de xénero na produtividade científica. Así, Galicia deu un paso máis cara a igualdade de xénero neste ámbito, establecendo un factor corrector que permite compensar os períodos de inactividade investigadora para que non supoñan unha discriminación nos procesos de avaliación.

Do mesmo xeito, cómpre sinalar que Galicia dispón da Unidade Muller e Ciencia, un órgano que ten como finalidade incrementar a presenza da muller nos ámbitos científico e tecnolóxico. As actuacións deste órgano van encamiñadas, baixo unha perspectiva integral, a promover a eliminación dos desequilibrios que poidan existir no relativo á formación científica, no eido da investigación e innovación, e na xestión da I+D+I, así como a situar nun primeiro plano a perspectiva de xénero nos estudos e actividades científicas.

Ademais, a Unidade de Muller e Ciencia, xunto coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, puxo en marcha unha nova edición do proxecto "*Nin+ nin - iguais*", que percorre distintos centros educativos galegos durante o presente curso para poñer en contacto ás e aos escolares con mulleres referentes que destacan en sectores tradicionalmente masculinizados. A iniciativa pretende, polo tanto, favorecer o encontro do alumnado con mulleres líderes nos seus respectivos sectores,



como a ciencia, coa idea de que mozas e mozos teñan referentes femininas en áreas onde a presenza de homes resulta aínda maioritaria. Isto complementábase cun amplo e variado abano de medidas que se desenvolven cada ano para sensibilizar á poboación respecto da moi necesaria igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, tamén no eido científico-tecnolóxico. Trátase, así, de potenciar a educación en igualdade das persoas e de concienciar á nosa mocidade de que poden ser o que queiran ser, sen importar o seu xénero.

Por outra parte, e dende que no ano 2004 se aprobou o primeiro decreto que regula os Centros de Información á Muller en Galicia, foi moita e moi importante a labor que veñen facendo @s profesionais en defensa da igualdade, dándolle apoio e soporte a milleiros de mulleres galegas. Pese a elo, este servizo presenta varios aspectos susceptibles de mellora.

Por esto, cremos imprescindible iniciar unha reflexión profunda acerca das funcións dos Centros de Información ás Mulleres, a capacidade de cumprilas, a súa estrutura técnica e de recursos humanos e o seu financiamento, entre outras cuestións. Por iso, faise necesario elaborar unha estratexia, ta e como manifesta a propia FEGAMP, que comece polo establecemento dun novo marco de financiamento que, ademais de incrementarse con fondos propios da Xunta de Galicia, estableza unha ratio de persoal necesario en función da poboación e do número de mulleres atendidas.

Para o Concello de Fene, promover a igualdade entre homes e mulleres debe fomentar a mudanza de valores, rachando co modelo actual de socialización sexista, avanzando nun modelo de relacións simétricas.

Por todo isto, a Corporación Municipal do Pleno do Concello, adopta os seguintes

### **ACORDOS**

**PRIMEIRO:** Apoiar as accións que se desenvolvan na reivindicación do 8 de marzo, así como enarborar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.

**SEGUNDO:** Aumentar gradualmente a partida dos orzamentos municipais adicada a políticas para alcanzar a igualdade efectiva entre mulleres e homes, e facer unha análise con perspectiva de xénero do orzamento que permita identificar desigualdades.

**TERCEIRO:** Fomentar que os plans estratéxicos municipais inclúan a sensibilización en todas as violencias cometidas contra as mulleres e o fomento da corresponsabilidade.

**CUARTO:** Elaborar un estudo sobre aquelas mulleres referentes do municipio no ámbito das ciencias, a tecnoloxía e as matemáticas, co obxectivo de visibilizar a veciñas referentes, publicando e difundindo dito estudo, tanto en espazos públicos de lecer, bibliotecas, así como nos centros educativos.

**QUINTO.**- Colaborar coas asociacións de mulleres locais na promoción de veciñas referentes, actuais e da nosa historia, ademais de científicas e tecnólogas galegas co fin de facer actividades divulgativas e de sensibilización entre as súas socias.

**SEXTO.**- Dirixirse á Xunta de Galicia para:

1. Impulsar as vocacións científicas das nenas e mozas, principalmente desde o ámbito educativo.
2. Colaborar coas organizacións de mulleres científicas e investigadoras na promoción de referentes galegas e actividades de comunicación social e sensibilización.
3. Continuar coa formación do profesorado e persoal orientador dos centros educativos de todos os niveis para promover o seu papel impulsor das eleccións vocacionais nesgadas polo xénero.
4. Promover a corresponsabilidade e a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar para o exercicio da profesión académico-científica-tecnolóxica, tanto no ámbito público coma no privado.
5. Sensibilizar á sociedade en xeral sobre as referentes femininas na historia das ciencias, dando maíos visibilidade ó traballo das científicas galegas.
6. A creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público, encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade, e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes.
7. A creación da Unidade de Saúde Integral das Mulleres, que planifique e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller, que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Asemesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.
8. A creación da Valedoría das Mulleres, con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional, por cuestións de xénero.
9. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela, encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.

0-0  
369  
150  
P-  
F-  
C1

10. Elaborar un Plan de Extensión dos Servizos Públicos en materia de coidados, incrementando o número de plazas públicas de escolas infantís, centros de día e discapacidade, cón obxectivo de garantir a corresponsabilidade social.
11. Elaborar, en colaboración coa FEGAMP, unha estratexia para estender a rede de Centros de Información á Muller en todo o territorio galego, que estableza criterios de emprazamento e prestación de servizos, conforme a factores como a xeografía, a densidade poboacional e as características socio demográficas. Para tal fin, a Xunta de Galicia prestará soporte técnico e incrementará os recursos económicos que garantan a pervivencia no tempo dos CIM.
12. Acordar coa FEGAMP, o incremento orzamentarios con fondos propios das liñas de axudas e subvencións da Xunta e Galicia, destinadas a sufragar o gasto de persoal e funcionamento, adecuando así o financiamento ás necesidades e prestacións reais dos CIM, permitíndolle este incremento orzamentario realizar a contratación do persoal que se precisa para prestar un servizo de calidade, nomeadamente axentes de igualdade e persoal administrativo.
13. Modificar o DECRETO 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento para:
  - a. Incorporar a figura de axente de igualdade entre o persoal necesario para o normal funcionamento do CIM.
  - b. Regular con criterios obxectivos as necesidades cuantitativas e cualitativas das e dos profesionais cos que debe contar un CIM, establecendo ratios do persoal requirido en función da poboación de mulleres, a demanda recibida e as actividades que acredite que se realizan.
  - c. Establecer como requisito para ser persoal cualificado dun CIM (dirección, asesoría xurídica ou psicolóxica, axente de igualdade) ter realizado un mínimo de 500 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes, para contribuír a unha maior especialización do persoal dos CIM.
  - d. Establecer que ningunha muller teña que desprazarse máis de 15 kms do seu domicilio para poder ser atendida nun CIM.
- 14.- Delimitar, en colaboración co tecido asociativo de profesionais que traballan no ámbito da igualdade, as funcións dos centros de información á muller, que deberan ser de atención integral para a consecución da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Simultaneamente, crear un novo servizo ou redefinir algún existente de atención á diversidade que dea resposta ás demandas do colectivo LGTBIQA+.
- 15.- Realizar unha campaña de información pública para dar a coñecer os CIM como recursos integrais dirixidos ás mulleres.

**SÉPTIMO.**- Dirixirse ao Goberno do Estado para:

G-0  
069  
150  
P-  
F-  
C.I

1. Reactivar e impulsar a Unidade de Mulleres e Ciencia, dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación, como órgano necesario para implantar a perspectiva de xénero nas políticas científicas, tecnolóxicas e de innovación que afectan á igualdade efectiva entre mulleres e homes. Así como realizar unha avaliación intermedia do II Plan de Igualdad de Género 2021-2025 do CIEMAT, en colaboración co Ministerio de Igualdade.
2. Reactivar o Observatorio Mulleres, Ciencia e Innovación, como órgano colexiado interministerial, no marco do sistema español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, responsable de analizar e realizar o seguimento da situación das mulleres no ámbito da investigación, o desenvolvemento e a innovación, así como favorecer a integración axeitada da análise de xénero no contido das políticas, programas e proxectos de I+D+I.
3. Aprobar o antes posible o Plan de Igualdad de Género y no discriminación en Ciencia, Tecnología e Innovación, anunciado pola ministra de Ciencia e Innovación, no pleno del Observatorio Mulleres, Ciencia e Innovación, celebrado o pasado 13 de setembro de 2022.
4. Promover propostas tendentes a que as leis integren o abolicionismo da prostitución e os ventres de alugueiro, como exemplos claros da brutal violencia machista, e asumir as responsabilidades que desde o ámbito competencial municipal derívense delas.

G-0  
063  
150  
P-  
F-  
C1

Fene, 20 de febreiro de 2023.-

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade do/as concelleiro/as.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO: Apoiar as accións que se desenvolvan na reivindicación do 8 de marzo, así como enarborar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.**

**SEGUNDO: Aumentar gradualmente a partida dos orzamentos municipais adicada a políticas para alcanzar a igualdade efectiva entre mulleres e homes, e facer unha análise con perspectiva de xénero do orzamento que permita identificar desigualdades.**

**TERCEIRO: Fomentar que os plans estratéxicos municipais inclúan a sensibilización en todas as violencias cometidas contra as mulleres e o fomento da corresponsabilidade.**

**CUARTO: Elaborar un estudo sobre aquelas mulleres referentes do municipio no ámbito das ciencias, a tecnoloxía e as matemáticas, co obxectivo de visibilizar a veciñas referentes, publicando e difundindo dito estudo, tanto en espazos públicos de lecer, bibliotecas, así como nos centros educativos.**

**QUINTO.- Colaborar coas asociacións de mulleres locais na promoción de veciñas referentes, actuais e da nosa historia, ademais de científicas e tecnólogas galegas co fin de facer actividades divulgativas e de sensibilización entre as súas socias.**

**SEXTO.- Dirixirse á Xunta de Galicia para:**

1. **Impulsar as vocacións científicas das nenas e mozas, principalmente desde o ámbito educativo.**
2. **Colaborar coas organizacións de mulleres científicas e investigadoras na promoción de referentes galegas e actividades de comunicación social e sensibilización.**
3. **Continuar coa formación do profesorado e persoal orientador dos centros educativos de todos os niveis para promover o seu papel impulsor das eleccións vocacionais nesgadas polo xénero.**
4. **Promover a corresponsabilidade e a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar para o exercicio da profesión académico-científica-tecnolóxica, tanto no ámbito público coma no privado.**
5. **Sensibilizar á sociedade en xeral sobre as referentes femininas na historia das ciencias, dando maior visibilidade ó traballo das científicas galegas.**
6. **A creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público, encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade, e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes.**
7. **A creación da Unidade de Saúde Integral das Mulleres, que planifique e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller, que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Asemesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.**
8. **A creación da Valedoría das Mulleres, con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional, por cuestións de xénero.**
9. **Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela, encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.**

C-0  
369  
150  
P:  
F:  
C:

- 10. Elaborar un Plan de Extensión dos Servizos Públicos en materia de coidados, incrementando o número de plazas públicas de escolas infantís, centros de día e discapacidade, c6 obxectivo de garantir a corresponsabilidade social.**
- 11. Elaborar, en colaboración coa FEGAMP, unha estratexia para estender a rede de Centros de Información 6 Muller en todo o territorio galego, que estableza criterios de emprazamento e prestación de servizos, conforme a factores como a xeografía, a densidade poboacional e as características socio demográficas. Para tal fin, a Xunta de Galicia prestar6 soporte t6cnico e incrementar6 os recursos econ6micos que garantan a pervivencia no tempo dos CIM.**
- 12. Acordar coa FEGAMP, o incremento orzamentarios con fondos propios das li6nas de axudas e subvenci6ns da Xunta e Galicia, destinadas a sufragar o gasto de persoal e funcionamento, adecuando as6 o financiamento 6s necesidades e prestaci6ns reais dos CIM, permit6ndolle este incremento orzamentario realizar a contrataci6n do persoal que se precisa para prestar un servizo de calidade, nomeadamente axentes de igualdade e persoal administrativo.**
- 13. Modificar o DECRETO 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o reco6necemento e acreditaci6n dos centros de informaci6n 6 muller de titularidade das entidades locais de Galicia, as6 como para a modificaci6n e extinci6n do seu reco6necemento para:**
  - a) Incorporar a figura de axente de igualdade entre o persoal necesario para o normal funcionamento do CIM.**
  - b) Regular con criterios obxectivos as necesidades cuantitativas e cualitativas das e dos profesionais cos que debe contar un CIM, establecendo ratios do persoal requirido en funci6n da poboaci6n de mulleres, a demanda recibida e as actividades que acredite que se realizan.**
  - c) Establecer como requisito para ser persoal cualificado dun CIM (direcci6n, asesor6a xur6dica ou psicol6gica, axente de igualdade) ter realizado un m6nimo de 500 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes, para contribuir a unha maior especializaci6n do persoal dos CIM.**
  - d) Establecer que ningunha muller te6na que desprazarse m6is de 15 kms do seu domicilio para poder ser atendida nun CIM.**
- 14. Delimitar, en colaboraci6n co tecido asociativo de profesionais que traballan no 6mbito da igualdade, as funci6ns dos centros de informaci6n 6 muller, que deberan ser de atenci6n integral para a consecuci6n da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Simultaneamente, crear un novo servizo ou redefinir alg6n existente de atenci6n 6 diversidade que dea resposta 6s demandas do colectivo LGTBIQA+.**

C-0  
063  
150  
P-  
F-  
C-

**15. Realizar unha campaña de información pública para dar a coñecer os CIM como recursos integrais dirixidos ás mulleres.**

**SÉPTIMO.- Dirixirse ao Goberno do Estado para:**

- 1. Reactivar e impulsar a Unidade de Mulleres e Ciencia, dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación, como órgano necesario para implantar a perspectiva de xénero nas políticas científicas, tecnolóxicas e de innovación que afectan á igualdade efectiva entre mulleres e homes. Así como realizar unha avaliación intermedia do II Plan de Igualdade de Género 2021-2025 do CIEMAT, en colaboración co Ministerio de Igualdade.**
- 2. Reactivar o Observatorio Mulleres, Ciencia e Innovación, como órgano colexiado interministerial, no marco do sistema español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, responsable de analizar e realizar o seguimento da situación das mulleres no ámbito da investigación, o desenvolvemento e a innovación, así como favorecer a integración axeitada da análise de xénero no contido das políticas, programas e proxectos de I+D+I.**
- 3. Aprobar o antes posible o Plan de Igualdade de Género y no discriminación en Ciencia, Tecnología e Innovación, anunciado pola ministra de Ciencia e Innovación, no pleno del Observatorio Mulleres, Ciencia e Innovación, celebrado o pasado 13 de setembro de 2022.**
- 4. Promover propostas tendentes a que as leis integren o abolicionismo da prostitución e os ventres de alugueiro, como exemplos claros da brutal violencia machista, e asumir as responsabilidades que desde o ámbito competencial municipal derívense delas.**

**5. Mocións urxentes**

Non se presenta ningunha

**6. Rogos e preguntas**

As intervencións dos membros da Corporación desta acta recóllense fidedignamente no arquivo dixital que contén o vídeo e audio desta sesión, e que ten a seguinte pegada dixital (SHA512):

**8ad16f209a56dc0f6b22599902eb7be24b96bba254d7f508939bf963fc4b9eee  
77097bb8ab952d67c1fa98f096b783dafa7a3fb4d3b0923b7974423dadeb8e10**

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19.29 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria accidental Lara Otero Díaz e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

C-0  
069  
150  
P-  
E-  
C.